

## **RESULTADOS DO 3º EXERCICIO E CONVOCATORIA, INSTRUCCIÓN E CRITERIOS PARA A REALIZACIÓN DO 4º EXERCICIO.**

Reunido o día 1 de decembro de 2023 o tribunal do proceso selectivo para cubrir unha praza do grupo III, na categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade química (resonancia magnética nuclear), da USC (Resolución reitoral do 02/12/2022, «DOG» núm. 238, do 16/12/2022), unha vez realizada a proba correspondente ao terceiro exercicio da fase de oposición, transcorrido o prazo para formular reclamacións contra as preguntas formuladas e non téndose presentado ningunha, o tribunal **ACORDOU:**

1. **PUBLICAR** como **ANEXO** o **resultado do terceiro exercicio**, coa puntuación obtida pola persoa aspirante.

Segundo se sinala no Anexo I da convocatoria, para superar este exercicio é necesario obter un mínimo de 12,5 puntos.

Consonte ao disposto na base 7.3 da convocatoria a persoa aspirante poderá, no prazo de sete (7) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do resultado, presentar reclamacións á cualificación obtida.

2. **CONVOCAR** á persoa aspirante que superou o terceiro exercicio **á realización do cuarto exercicio** que terá lugar o **venres 15 de decembro de 2023 ás 12:00 horas** no **Edificio CACTUS** (Campus Sur, Rúa de Constantino Candeira 1, Santiago de Compostela).

### **Instrucións e criterios de corrección do cuarto exercicio:**

- A persoa aspirante deberá ir provista do DNI ou de documento fidedigno acreditativo da súa identidade.
- Non se permitirá o acceso á aula na que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer a aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.
- O tribunal emitirá un certificado de asistencia ao exercicio se así se precisase. Poderá solicitarse despois da realización do exercicio enviando un correo electrónico ao secretario do tribunal ([felix.navaza.aller@usc.es](mailto:felix.navaza.aller@usc.es)).
- Segundo o previsto no Anexo I da convocatoria, o exercicio consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de 30 preguntas tipo test, máis 3 de reserva, con tres respostas alternativas das que só unha será a correcta, propostas polo tribunal e correspondentes ao bloque de coñecementos non específicos do programa. O tempo para a súa realización será de 40 minutos e valorarase de 0 a 5 puntos. As preguntas adicionais de reserva substituirán, no seu caso, ás anuladas polo seu orde.
- As preguntas en branco e as incorrectas non descontan.

Proceso selectivo, convocado por resolución reitoral do 2 de decembro de 2022 («DOG» núm. 238, de 16/12/2022) para cubrir 1 praza do grupo III, na categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade química (resonancia magnética nuclear).

- Segundo se indica no Anexo I da convocatoria, este exercicio ten carácter obrigatorio e non eliminatorio, sen que por isto sexa preciso establecer unha puntuación mínima para superalo.
- A persoa aspirante serán convocada en único chamamento ás 12:00 horas e será excluída da oposición no suposto de que non compareza.

O presente acordo publicarase no taboleiro electrónico da USC (dispoñible na ligazón seguinte: <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>) na web de convocatorias de probas selectivas de PAS (<https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/gestionpersoal/PAS/oep/listado>) e no Laboratorio de Resonancia Magnética situado na planta baixa da Facultade de Química, onde tivo lugar a realización do terceiro exercicio.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

A presidenta do tribunal  
Carmen Álvarez Lorenzo

**ANEXO.**

**Resultado terceiro exercicio.**

<b>APELIDOS, NOME</b>	<b>CUALIFICACIÓN</b>
Munín Cruz, Paula	22,5 puntos

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: CARMEN ISABEL ALVAREZ LORENZO, NIF \*\*\*8792\*\*, 10/12/2023 21:10:46.

CSV: C96D-76A6-47F3-81AC